



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD81PLA06

Proxecto Lingüístico do CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA

Curso: 2024 - 2025



Índice

1	Competencia lingüística.....	3
2	Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento da lingua galega.....	4
3	Addenda anual.....	6



1 Competencia lingüística

Un dos obxectivos establecidos pola Lei para o sistema educativo galego é garantir a todo o alumnado a capacidade para utilizar as dúas linguas oficiais de Galicia (galego e castelán) cando remate o ensino obrigatorio. A este imperativo legal uniuse nos últimos anos o obxectivo de traballar tamén a aprendizaxe dunha ou dúas linguas estranxeiras e acadar un nivel mínimo de competencia lingüística nas mesmas.

Os idiomas ocupan un lugar prioritario no programa educativo. A importancia que na actualidade se lle dá á competencia e ao coñecemento lingüístico radica non só nas capacidades de comunicación que nos permite, senón tamén na validez para que cada individuo asimile o aprendido e para desenvolver o pensamento.

A lingua, ademais de asignatura, é unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento, a recopilación e a organización do coñecemento, así como para comunicar, oralmente e por escrito, ese coñecemento en calquera ámbito.

Así atopámonos ante un piar fundamental. É necesario tomar decisións. Por unha banda, os idiomas que se pretenden ensinar, o modo en que se van ensinar e a metodoloxía que se vai empregar; trátase de unificar esforzos para que as estratexias traballadas nunha lingua sexan válidas para o resto. A consecución e mellora dos obxectivos lingüísticos non son responsabilidade única do profesorado de linguas. Cada cal desde a materia debe responsabilizarse do proceso de asimilación dun idioma por parte do alumnado.

Ademais é necesario desenvolver actitudes positivas de uso. Pode afirmarse que o entorno castelán-falante que impera en moitos ámbitos da sociedade non favorece que o traballo do ensino en galego dea tódolos froitos apetecidos. Por iso, é imprescindible habilitar outras medidas que fortalezan o uso da nosa lingua. Tratarase pois de que cada centro educativo analice cales son as medidas máis convenientes para incrementar a presenza e o uso do galego. Trátase, así mesmo, de adecuar ámbitos e espazos para garantir o uso das dúas linguas oficiais, tanto para o alumnado como para o profesorado, pais/nais, persoal non docente.

A dirección do centro, coa colaboración do profesorado e do resto do persoal, está comprometida coa tarefa establecendo unha oferta equilibrada de materias en galego e en castelán que garanta que o alumno acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais. Segundo o decreto 79/2010 establécense as materias que deben ser impartidas en galego na educación primaria, educación secundaria e bacharelato. No referente ás ensinanzas artísticas non hai unha mención concreta de materias que deban ser impartidas en galego, polo que para garantir a competencia lingüística do alumnado do conservatorio nas dúas linguas oficiais de Galicia as materias que o noso centro considera que deberían ser impartidas en galego son as seguintes:

Grao Elemental	Grao Profesional				
Todos os cursos	1º-2º	3º	4º	5º	6º
Clases colectivas Ed. Auditiva e Vocal	Conxunto Coro Orquestra Banda	Novas tecnoloxías Conxunto Coro Orquestra Banda	Harmonía Coro Orquestra Banda Piano C. Acompañamento	Música de Cámara Coro Orquestra Banda Piano C.	Análise Música de Cámara Coro Orquestra Banda Piano C.



2 Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento da lingua galega

Considerando as características sociolingüísticas que presenta o centro, propomos os seguintes obxectivos, dirixidos ao conxunto da comunidade educativa e aos seus diferentes ámbitos :

- Ampliar o noso coñecemento da realidade sociolingüística do centro; con ese fin cumpriría continuar co labor iniciado: renovar e ampliar os datos sobre o alumnado, coñecer o seu contorno familiar e local e, moi especialmente, dirixir a nosa atención ao sector do profesorado. Neste aspecto, sería importante coñecer a súa competencia en galego no ámbito profesional, a súa dispoñibilidade para impartir clases nesa lingua, a posible necesidade de máis formación, os problemas relacionados coa introdución do galego nas aulas, etc.
- Aplicar diversas medidas de apoio para consultar dúbidas e crear un espazo para compartir experiencias no uso do galego como lingua vehicular, etc.
- Destinar o orzamento necesario para a adquisición de material didáctico, en calquera formato, que favoreza o uso e o ensino da música en lingua galega.
- Atención especial ao uso oral da nosa lingua, tanto nas aulas e nas actividades complementarias (saídas, charlas, etc.), como en calquera acto público celebrado no centro.
- Fomentar o emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.
- Practicar nas relacións co alumnado e familias a oferta positiva da nosa lingua, empregándoa como lingua de contacto inicial nos labores de información desempeñados polo persoal non docente.
- Seguir apoiando o uso do galego na páxina web do centro, biblioteca, recursos informáticos...
- Como xa dixemos anteriormente o conservatorio atópase nun entorno social castelán falante que se reflicte tamén no propio centro. Por esta razón é importante coidar a presenza que o galego ten nos distintos ámbitos que configuran o centro educativo, ademais da propia actividade lectiva.
- En cada centro educativo configúranse catro ámbitos de intervención e, dentro de cada un, hai diferentes sectores con posibles actuacións singulares que fai falta ter en conta: administración, xestión pedagóxica, interacción didáctica e relación co contexto sociofamiliar.

Administración

Este espazo abrangue as relacións do centro coa Administración e os aspectos burocráticos do propio centro. Sectores de actuación:

1. Actividade oficial e relacións coa administración:

- Documentos oficiais escritos: documentación interna, arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos, certificados, actas de reunións, oficios, regulamentos, follas informativas, etc.
- Documentación económica: recibos, facturas, inventarios, balances, documentos contables, etc.
- Comunicación oral: asembleas, reunións de traballo, comisións, etc.

2. Os aspectos visuais



- Rotulación externa e interna do centro, horarios, taboleiros de anuncios, páxina web e redes sociais, cartaces, calendarios, catalogación da biblioteca, catalogación do material audiovisual, etc.

Xestión pedagóxica

Este espazo de intervención está constituído por todos os documentos producidos, coa finalidade de ordenar a planificación e mais a xestión pedagóxicas. Sectores de actuación:

1. Planificación educativa

- Proxecto educativo de centro, proxectos curriculares, planificación das actividades docentes anuais, programación de departamentos didácticos, etc.

2. Reforzo, asesoramento e apoio técnico

- Proxectos de formación do profesorado nos centros, proxectos de grupos de traballo , etc.

3. Seguimento e control

- Memoria anual do centro, informes de avaliación, expedientes do alumnado, boletíns de notas, etc.

Interacción didáctica

Está conformado pola complexa rede de relacións interpersoais que se establecen na comunicación educativa. Sectores de actuación:

1. A actuación do docente

- O docente devén modelo de lingua e promotor dos usos lingüísticos por a adecuación, propiedade e corrección da lingua que utiliza, por a variedade de funcións para as que usa a lingua e por as actitudes que mantén cara á lingua.

2. O clima da clase

- Favorecerá unha actitude de integración e de valoración da nosa lingua e cultura, a través da rotulación, símbolos e adornos dentro da clase: taboleiro de anuncios, murais, calendarios, horarios, cartaces, etc.

Relación co contexto sociofamiliar

Está conformado pola complexa rede de relacións interpersoais que se establecen na comunicación educativa. Sectores de actuación:

1. Comunicacións orais

- Atención ao público, reunións coas familias, intervencións en actos oficiais, intervencións nos medios de comunicación, actividades extraescolares, campañas informativas do centro, xornadas culturais, celebracións, etc.

2. Comunicacións escritas

- Circulares, follas informativas ás familias, notas de prensa, anuncios, cartas, páxina web, blogs, etc.

Unha vez analizados os catro ámbitos de intervención, podemos concluír que onde haberá que facer un maior esforzo será no referido á utilización da lingua galega por parte do profesorado, que

posiblemente traia como consecuencia unha porcentaxe máis elevada de alumnado que a utilice, polo menos dentro do centro.

Actividades de dinamización lingüística

Concursos literarios e artísticos con motivo de celebracións determinadas nos que se relacione a música coa lingua galega.

Promover a creación de partituras baseadas en textos da literatura galega.

Celebración do Día de Letras Galegas e do Día de Rosalía.

Animar ao alumnado a que escoite música galega, dando publicidade ás novidades musicais que aparecen no mercado.

Fomento do emprego do galego na elaboración dos traballos de clase das diferentes materias.

Adquisición de materiais de información curricular en galego.

3 Addenda anual

Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte:

Presentación do Cancioneiro do franciscano Espinosa, por Manuel Rico, coa participación do coro infantil.

Concerto do Día de Rosalía (primeira vez).

Concerto no Teatro Colón coa Banda Municipal baixo a batuta do noso docente Nilo J. García Armas.

Concerto de Letras Galegas. Participación de alumnado da EOI.

Charla - concerto homenaxe ao 75 aniversario do pasamento de Castelao: Retrincos (D. Fiuza).

Recuperación do Festival de Bandas na cúpula do parque de Eirís.

Zarzuela galega: A lenda de Montelongo.

A acollida foi moi boa e os concertos presentaban numeroso público enchendo en moitas ocasións o auditorio do centro.

De cara ao curso vindeiro propóñense liñas de concerto similares (Día de Rosalía e Letras Galegas), así como a reinterpretación de música galega, como a zarzuela galega Non chores, Sabeliña.